

RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 29 DE MAIO DE 2020

Información e actas

- [1. Aprobación da acta da sesión anterior número 4/2020, de 30 de abril](#)
- [2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 24 de abril de 2020 ata o 22 de maio de 2020](#)

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- [3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega pola que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación do ano 2020.](#)

Comisión de Benestar Social e Educación

- [4. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2020 e do correspondente convenio.](#)
- [5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2020 e do correspondente convenio de colaboración.](#)

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

- [6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa entre a Deputación da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE \(COGAMI\).](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

- [7. Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, terceira fase](#)
- [8. Aprobación definitiva do proxecto de actualización de ampliación, mellora de trazado e construción de senda peonil na estrada DP 2801 de Corcubión a San Roque por Redonda, pq 0+780 ao 2+554 e ramal de acceso ao faro, pq 0+000 ao 0+453](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

- [9. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

10. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pavimentación de viales nas parroquias de S. Xoán, Castro, Leiro, Callobre, Perbes e Miño" do Concello de Miño, incluída na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0671.0

11. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Mellora do alumeadado público no núcleo do Porto de Espasante" do Concello de Ortigueira, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019, por maior achega provincial, co código 2019.2001.0720.0, levantamento das condicións ás que quedou sometida e aprobación definitiva desta obra.

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Arranxo de rúas no núcleo urbano de Vimianzo", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0494.0

13. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Laxe polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Programa de desenvolvemento turístico do Concello de Laxe 2019"

14. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Festival de arte urbán Desordes Creativas 2019"

15. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Colectivo A Rula polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Difusión do arquivo gráfico de Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza"

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

16. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintencidos e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de abril de 2020.

17. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre de 2020 e proxección a 31/12/2020.

18. Aprobación do Plan de Acción da Presidencia 2020, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local.

19. Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2020

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

20. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), no marco do Plan de Emprego Local polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Plan para o desenvolvemento empresarial e contribución á mellora das perspectivas de emprego no sector turístico provincial", anualidade 2020.

21. Aprobación da formalización dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para a cofinanciación das obras e do proxecto "Acondicionamento nave como centro comarcal de apoio ao desenvolvemento rural", dentro do Plan de Emprego Local, anualidade 2020.

22. Aprobación da formalización dun convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA no marco do Plan de Emprego Local 2016-2019, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a cofinanciamento do proxecto "PROEM", anualidade 2020

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓN

MOCIÓN, que presenta o Grupo Popular Provincial na Deputación de A Coruña para instar ao goberno de España a non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o Estado de Alarma para apropiarse dos aforros das EE.LL, así como autorizar ás EE.LL para poder utilizar os recursos dispoñibles para paliar a dramática situación que teñen moitas familias, moitos autónomos e pemes no noso país derivada da pandemia provocada polo COVID-19

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a pranta de Alcoa na Coruña

Moción que presentan os Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG sobre a necesidade de autorización do uso de remanentes e flexibilización da regra de gasto para o uso do superávit das entidades locais

ROGOS E PREGUNTAS

1.- Aprobación da acta da sesión anterior número 4/2020, de 30 de abril

Apróbase a acta da sesión anterior número 4/2020 de 30 de abril

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 24 de abril de 2020 ata o 22 de maio de 2020

Dáse conta ao Pleno das resolucións da Presidencia desde o 24 de abril de 2020 ata o 22 de maio de 2020

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega pola que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación do ano 2020.

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega, por importe de **60.000 €**, para cofinanciar a *Programación do ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de maio de 2020.

3.- Incluir a dita subvención o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2021 autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar a Programación do ano 2020.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

- a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.
- b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- c) Velar polos dereitos do idioma galego.
- d) Defender e promover o idioma galego.
- e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega**, con CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programación do ano 2020*, que se indica deseguido:

Actividade 1: XXXIII Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

Actividade 2: Estudo sociolingüístico. Finalización do proxecto “Prácticas lingüísticas na infancia nos diferentes contextos de socialización”. Redacción e difusión de resultados.

Actividade 3: Primavera das Letras.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: XXXIII Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

52 Bolsas de estudos: 48 x 350 € + 4 x 500 €	18.800,00
7 Conferenciantes: 7 x 150 €	1.050,00
6 Docentes de nivel superior: 2 x 450 € + 4 x 600 €	3.300,00
2 Docentes de nivel medio: 2 x 900 €	1.800,00
2 Docentes de nivel elemental: 2 x 900 €	1.800,00
4 Docentes de prácticas de nivel elemental e medio: 4 x 650 €	2.600,00
Actividades culturais pendentes de determinar	650,00
Excursións	1.800,00
Gastos de locomoción dos colaboradores	400,00
Persoal de administración	1.500,00
Gastos de papelería	300,00
Total actividade 1:	34.000 €

Actividade 2: Estudo sociolingüístico. Finalización do proxecto “Prácticas lingüísticas na infancia nos diferentes contextos de socialización” Redacción e difusión de resultados.

Técnica en sociolingüística a xornada completa, 8 meses: revisión teórica, análise de datos cuantitativos, análise de datos cualitativos e redacción de informe

	14.394,32
Asesor externo: análise de datos do apartado de educación non formal e familiar, asesoramento na extracción de conclusións finais e revisión do informe definitivo	
	1.500,00
Gastos de imprenta	400,00
Total actividade 2:	16.294,32 €

Actividade 3: Primavera das Letras.

Fichas didácticas	9.801,00
Material didáctico interactivo	5.203,00
Organización e dinamización do certame 'Cóntanos o voso Día das Letras'	3.872,00
<i>Total actividade 3:</i>	18.876 €
<i>Gastos Indirectos:</i>	5.829,68 €

Total gastos: 75.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

- 1.-** A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- 3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

- 1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

- 1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- 2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2020 e do correspondente convenio.

1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 30.000,00 €, ao Concello de Carballo para cofinanciar o *Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 274.413,95 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

4.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias ano 2020*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Carballo.

EXPOÑEN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias, conforme co previsto no art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de Bases de Réxime Local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo, con CIF: P1501900C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2020*.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Carballo.

O Concello de Carballo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	168.674,21
1.2. Seguridade Social	53.975,74
1.3. Gastos formación do persoal e locomoción do persoal	1.000,00
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Produtos farmacéuticos	500,00
2.3. Material sanitario de consumo	2.500,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Libros e revistas	1.000,00
3.2. Material de limpeza e aseo	2.000,00
3.3. Material de oficina diverso	2.000,00
4.- Servizos exteriores	
4.1. Limpeza	5.664,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas (vixilancia)	37.100,00
TOTAL DO GASTO	274.413,95

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 10,93 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 10,93 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Carballo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Carballo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Concello de Carballo*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o

cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Carballo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2019.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2020**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificandos, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Carballo terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Carballo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

- 1.- O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- 3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Carballo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

- 1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

- 1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- 2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2020.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Carballo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña-CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2020 e do correspondente convenio de colaboración.

1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000,00 €, á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida Coruña.CASCO para cofinanciar o *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2020*, cun orzamento subvencionado de 250.612,38 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 24 de abril de 2020.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2021, autorice o correspondente Orzamento”.

4.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2020*.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanelles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

2.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO**, con CIF G15279219, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2020**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	96.617,79 €
	Seguridade Social	52.024,95 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	66.280,26 €
	Seguridade Social	35.689,38 €
Total		250.612,38 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **23,94 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **23,94 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2020.

- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2021**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio

que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña_CASCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida-CASCO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2021** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2020**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2021 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa entre a Deputación da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A Confederación Galega de Persoal con Discapacidade (COGAMI) a través do proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2019" ten por finalidade principal conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e a promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación e coordinación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativa.
- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concurrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, segundo a memoria presentada pola citada entidade, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, consiste principalmente pretende lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
- Un dos obxectivos principais que pretende a entidade é: Informar, asesorar, formar e capacitar para o emprego a persoas con discapacidade/incapacidade laboral permanente que estean en situación de desemprego así como aumentar o nivel de autonomía na busca de emprego, o incremento da motivación da persoa usuaria e a elaboración de estratexias máis realistas na procura de emprego.
- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concurrencia competitiva da Área.
- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo
- Por outra banda o servizo desenvolvido pola entidade COGAMI é o único que cubre o conxunto do territorio galego, que contempla o achegar o servizo á

persoas, facendo atención directa ás persoas no conxunto das comarcas galegas, e que ven acadando grandes resultados de inserción laboral do colectivo polo que a concesión directa da subvención prevista nominativamente no orzamento provincial e regulada por convenio, considérase suficientemente motivada a dita concesión por todo o exposto queda probado o interese público da actividade proposta.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) CIF G32115941, para financiar o proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2019” A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 90.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 23,75 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de “Servizo de Intermediación Laboral 2019”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Na Coruña a

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

1. Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que “Servizo de Intermediación Laboral 2019” ten como obxectivo lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.

- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con CIF G322115941, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2019”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL (SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL):	
Persoal orientador	329.349,41 €
Persoal complementario (Traballador/as sociais, técnico/a xurídco, proxectos...)	26.205,53 €
Persoal de coordinación	25.525,51 €
Persoal administrativos	13.343,95 €
GASTOS XERAIS:	
Aprovisionamentos	2.675,80 €
Reparacións e mantemento	8.745,76 €
Subministros	5.366,93 €
Comunicacións	3.705,61 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **21,46%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 21,46 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/24101/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido

máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de

Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
 3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
 4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2019**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2020 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2020**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da
entidade

CONFEDERACIÓN GALEGA DE
PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

7.- Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, terceira fase

1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2020, TERCEIRA FASE cun orzamento total de 369.774,72.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2020.1100.0003.0	MELLORA DE FIRME CON MBQ NA DP 6805 CAMPARA A PAZOS PQ 0 AO 3 (PONTECESO))	369.774,72

2.- Expor ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

8.- Aprobación definitiva do proxecto de actualización de ampliación, mellora de trazado e construción de senda peonil na estrada DP 2801 de Corcubión a San Roque por Redonda, pq 0+780 ao 2+554 e ramal de acceso ao faro, pq 0+000 ao 0+453

1.- Aprobar a SEGUNDA RELACION DO PLAN DE INVERTEMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 1.145.224,80.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
19.1110.0006.0	AMPLIACION, MELLORA DP 2801, P.K. 0+780, 2+554	CORCUBION	1.145.224,80

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

9.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña

1º Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña, cunha achega provincial de 4.500,00 euros, supoñendo unha porcentaxe do 100 % do total do orzamento e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3º O financiamento da actuación poderá facerse efectiva, de conformidade coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0612/3342/481 documento contable RC con núm. de operación 22020001845

4º Aceptar expresamente a posta a disposición da Deputación Provincial da Coruña, o histórico templo das Capuchinas, de balde e durante un período de dous anos, para concertos, conferencias o actos culturais, previa comunicación e acordo.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA FINANCIAR O REMATE DA RESTAURACIÓN DA OBRA PICTÓRICA A "INMACULADA CONCEPCIÓN" DA PARROQUIA DE SAN NICOLÁS NA CIDADE DA CORUÑA

Na Coruña, _____ a _____ de _____ de 2020

REÚNENSE

Don _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña e asistido polo **Secretario Xeral de ésta Corporación**

Don _____, en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- O óleo que representa a Inmaculada Concepción, coñecido tradicionalmente como a “Asunción da Virxe”, está localizado na Igrexa de San Nicolas da Coruña, sendo propiedade do Arzobispado de Santiago de Compostela.

Esta igrexa datada no século XIV, reedifícase na primeira metade do século XVIII, sendo en 1783, cando D.Fernando Domínguez e Romay, realiza o proxecto e reforma do retablo maior para adaptalo as novas dimensións da capela maior, que estaba presidido polo cadro da Asunción. Este retablo se perdeu no século XX.

A principios deste século, Landeira, realizou un novo retablo, desprazando o cadro ao lateral esquerdo do cruceiro, aínda que non se descarta que tamén estivera colgado noutras localizacións da igrexa.

3.- A obra clasifícase dentro do estilo Neoclásico, descoñecéndose ata o de agora, a súa autoría.

Data de finais do século XVIII, máis concretamente, os expertos en Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, consultados inicialmente, o datan ó redor de 1775.

Trátase dunha obra de formato vertical de gran tamaño, se emprega a técnica de óleo sobre lenzo, na que se representa a figura da Inmaculada Concepción que ocupa a parte central da composición, coroada pola imaxe do Espírito Santo materializado nunha pomba.

Está rodeada por unha corte de anxos que portan atributos iconográficos propios deste tipo iconográfico como son: a rosa mística como símbolo da pureza e caridade, a vara de azucena símbolo da virxindade e a concepción, o ramo de olivo que representa a paz, e o espello da xustiza que mostra a santidad divina da Virxe.

Nesta representación alúdese á visión de María coma muller da Apocalipse. A Virxe adopta unha actitude de recolleemento coas mans sobre o peito e a mirada caída, viste unha túnica branca adaptada ao corpo, todo isto contrasta co dinamismo do manto vermello e azul que envolve á súa figura.

No relativo á pincelada pódese dicir que é case imperceptible.

A luz do cadro parte da parte superior da obra, donde destaca unha intensa luz que mana das doce estrelas e halo circular que rodean a cabeza da Virxe dos que se desprenden raios de luz que permite ver un espazo celestial cheo de anxos e nubes.

Na parte inferior é onde a iluminación perde potencia, represéntanse a Torre de David, o caiado de Jesé, a palmeira (representación a inmortalidade) e o amencer anunciando un novo día. María apoia os pés sobre un serafín e outro sobre o globo

lunar representándose, nun primeiro termo, ó mal, representado pola serpe enroscada ao redor da lúa.

A parte da súa calidade artística, a importancia desta obra radica, en que se realizou nunha época, na que Galicia vese afectada por unhas crises cíclicas que a asolaron durante a segunda metade do século XVIII ata mediados do XIX o que trouxo como consecuencia, unha escasa produción pictórica.

Ademais, o pouco aprecio que se lle deu a este tipo de arte, provocou, que en datas posteriores, moitas destas obras foran repintadas e mal tratadas. Este feito fai que a restauración e conservación das mesmas, sea de gran relevancia para a cultura e arte galegas

4.- O Arzobispado de Santiago de Compostela, a través do Vicario Episcopal da Coruña e administrador parroquial de San Nicolás, tendo en conta o valor e calidade artística da obra pictórica da Inmaculada Concepción, e sendo coñecedores da existencia na Deputación Provincial da Coruña dun equipo de restauración, seleccionado no programa de **bolsas de conservación e restauración do patrimonio da Deputación Provincial (BOP194 de 11 de outubro de 2017)**, propón a posta a disposición do óleo para súa restauración e conservación, **co fin de que a súa intervención se encadre dentro do programa formativo de ditas bolsas.**

5.- A Deputación Provincial da Coruña, en liña coa súa tradicional defensa do patrimonio histórico-artístico galego, unha vez coñece a situación de conservación en que se atopa da obra citada, que se ben presenta unha importante oxidación de vernices e suciedade superficial, aparenta un bo estado de conservación e boa fixación e cohesión do estrato pictórico á tea, e a proposta dos Servizos de Patrimonio e Contratación e o de Arquitectura e Mantemento, aproba por Resolución da presidencia núm. 24627 de 17 de xullo de 2019, **a intervención por parte do equipo de restauradoras, seleccionadas no programa de Bolsas de Restauración e Conservación**, do cadro da Inmaculada Concepción sito na parroquia de San Nicolás, **e como actividade formativa e baixo** as pautas da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

6- Con carácter previo á intervención da obra, o párroco de San Nicolás da Coruña, D. José Fernando Barros Fornos, o día 29/09/2019, solicitou a preceptiva da Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia

Logo de obter a citada autorización comezaron as prácticas de restauración, que se prolongou ó longo dos derradeiros meses do ano 2019. Nesta intervención realizáronse múltiples accións: eliminación do verniz oxidado e repintes, limpeza, retirada de estucos e parches procedentes dunha intervención anterior, colocación de novos estucos e parches, reintegración cromática e vernizado.

7- O pasado 16 de xaneiro de 2020, sen que finalizara a restauración da obra, rematou o período de vixencia da bolsa do equipo de restauración. Este feito conleva que a falta de financiamento a partires de ese momento, impide o remate da restauración da obra.

8- Unha vez que o Arzobispado é coñecedor de que non é tecnicamente aconsellable interromper a restauración polas graves consecuencias que iso conleva, o 7 de febreiro de 2020 solicita a Deputación Provincial da Coruña, unha subvención para o remate da restauración.

9.- Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, no que se fixan as actuacións que se desenvolverán en relación o remate da obra de restauración do cadro da Inmaculada Concepción de San Nicolás

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO.

1.-O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación ó Arcebispado de Santiago de Compostela (R1500020A) para financiar o remate da restauración da obra pictórica a "Inmaculada Concepción" da parroquia de San Nicolás na cidade da Coruña.

Título	Inmaculada Concepción (coñecida tradicionalmente como "Asunción da Virxe")
Autor:	Descoñecido
Estilo:	Neoclasicismo
Datación:	Finais século XVIII
Dimensións:	Medidas con marco: 282 X 220,3 X 8,1 cm Medidas sen marco : 265 X 201 x 2,7 cm
Propiedade:	Arcebispado de Santiago de Compostela

2.- O Arcebispado de Santiago, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un proxecto da intervención, así como as acreditacións de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas.

O dito proxecto (Ver anexo) foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e contan con informe favorable.

3.- O proxecto de restauración está perfectamente definido, e unha vez rematado o Arcebispado de Santiago comprométese a destinala ao uso público:

- Exposición Pública temporal no histórico Templo das Capuchinas, ao que tenrá acceso a Deputación Provincial da Coruña, durante un prazo de dous anos, para celebrar conferencias, concertos ou actos culturais que sexan do seu interese celebrar.
- Exposición pública permanente na parroquia de San Nicolás

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Arcebispado de Santiago desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Servizos de remate da restauración da obra pictórica da Inmaculada Concepción da parroquia de San Nicolás	4.500.00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **4.500,00€**, o que representa unha porcentaxe do **100 %**

Ademáis a Deputación financiou como subvención en especie os seguintes gastos, que ascenden a un total de 5.769,98:

- 25% do importe das bolsas das restauradoras durante cinco meses, que implica un gasto de 3.517,72 €
- Materiais utilizados: 500 €
- Bastidor do cuadro; 1.752,26 €

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/3342/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Arranxo de rúas no núcleo urbano de Vimianzo”, do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0494.0, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que está adxudicado e certificado parcialmente cos datos que se indican a continuación, que se aprobou polo concello previa audiencia á empresa adxudicataria e ao redactor do proxecto inicial, cos correspondentes informes técnico e xurídicos favorables, pola necesidade da realización de cambios no trazado do proxecto inicial, ante o estado actual dalgúns dos treitos das rúas previstas nel, para unha maior seguridade vial, sen variar o seu orzamento de contrata total:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Arranxo de rúas no núcleo urbano de Vimianzo Concello de Vimianzo Código: 2018.2200.0494.0	Deputación	117.895,27	83.953,22	33.942,05	58.914,65	25.038,57
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	117.895,27	83.953,22	33.942,05	58.914,65	25.038,57

O financiamento do préstamo provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/9435/82120 do vixente orzamento provincial.

13.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Laxe polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Programa de desenvolvemento turístico do Concello de Laxe 2019"

1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto constitúe un esforzo integrador do medio ambiente e a cultura local, a integración social, un proxecto que prima os aspectos cualitativos das dinámicas turística para ofrecer servizos de maior calidade e sustentabilidade. Este plan de acción xera consumo, mantén sinais de identidade e concede visibilidade ás actividades locais, á gastronomía, ás paisaxes e ao patrimonio, convertendo ao turismo nun axente de desenvolvemento a nivel municipal e provincial. De igual xeito intenta enfocar a programación turística a épocas de menor afluencia promovendo o desprazamento e pernoctación na provincia

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE LAXE con CIF P1504100G, para financiar o "PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO CONCELLO DE LAXE 2019" cun orzamento total de 23.000,00 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 18.400,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE LAXE polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO CONCELLO DE LAXE 2019".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE LAXE

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE LAXE consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO CONCELLO DE LAXE 2019", coa finalidade de garantir a máxima eficiencia das inversións en actividades turísticas a nivel municipal.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE LAXE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE LAXE, con CIF P1504100G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO CONCELLO DE LAXE 2019".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO	IMPORTE (IVE incluído)
PUBLICIDADE E PROPAGANDA	10.092,00
prensa escrita	3.097,60
radio	1.513,00
cartelería e folletos	3.786,78
xestión de redes sociais	635,25
dominios web	265,60
Merchandising para Classicar, Romería dos Milagros de Traba e feiras de turismo	551,77
Publicidade en feiras sectoriais	242,00
ACTIVIDADES	12.708,00
Premios de campañas de dinamización: vales de compra, reserva en spa, etc.	811,90

Gastos diversos: aloxamento e manutención de conferenciantes	152,00
Visitas guiadas, e visitas teatralizadas ao Museo do Mar	1.512,50
Actuacións musicais, maxia e monólogos	3.901,25
Conferencias	590,31
Talleres de fotografía	950,00
Cursos e demostracións de cociña, viños, etc.	842,08
Otros gastos realizados por empresas profesionais (alquiler de megafonía, alquiler de limusina, etc.)	1.551,00
Regata de cruceiros Sada-Laxe (aluguer de baños químicos, comida, bebida, carbón, vasos, servilletas, platos, etc.)	820,65
Actividades de dinamización turística polo Nadal	1.576,31
OUTROS GASTOS	200,00
Material funxible para empregar nas actividades (copas, etc.)	200,00
TOTAL (expresado en euros)	23.000,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18.400,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE LAXE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE LAXE. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE LAXE, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE LAXE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE LAXE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE LAXE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE LAXE, unha vez que se presente a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE LAXE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE LAXE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE LAXE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE LAXE da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE LAXE terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se debeñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE LAXE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE LAXE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE LAXE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE LAXE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE LAXE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento

(R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE LAXE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE LAXE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro do 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de outubro do 2020.

2. O CONCELLO DE LAXE deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de setembro de 2020.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da

Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE LAXE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ____ do día ____ de ____ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO
DE LAXE,

O Secretario Provincial

14.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "Festival de arte urbán Desordes Creativas 2019"

1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da esta subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a cooperación e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto ten a finalidade de potenciar e consolidar o arte urbán na provincia da Coruña como representación artística propia, cun carácter peculiar e diferente e que serve como vehículo de expresión de opinións sobre a situación social, como expresión artística ou de reivindicación por parte daqueles grupos sociais que habitan nas distintas zonas urbanas dunha cidade. O impulso público, neste caso municipal, axuda a conseguir lugares e espazos públicos onde esta manifestación artística poida expresar ideas, e do mesmo xeito, loitar contra o feísmo urbanístico; a arte urbana en sí, convértese nun innegable reclamo turístico, contribuíndo a mellorar a imaxe de espazos degradados, creando un diálogo social e dotando ao pobo de cor e vida.

3º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE ORDES con CIF P1506000G, para financiar o "FESTIVAL DE ARTE URBÁN DESORDES CREATIVOS 2019" cun orzamento total de 25.107,50 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.086,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo con as previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excmá. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE ORDES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do "FESTIVAL DE ARTE URBÁN DESORDES CREATIVAS 2019".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE ORDES

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE ORDES consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "FESTIVAL DE ARTE URBÁN DESORDES CREATIVAS 2019", consideran de gran interese para a provincia potenciar e promocionar a vila de Ordes como destino turístico a través do seu "Festival de arte urban Desordes Creativas 2019", evento que trata de acercar esta arte plástica aos veciños, e ofrecendo ao visitante un novo motivo para visitar o municipio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE ORDES, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE ORDES, con CIF P1506000G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "FESTIVAL DE ARTE URBÁN DESORDES CREATIVAS 2019".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO	IMPORTE
LOXISTICA ALUGUER ELEVADORES	1.827,68 €
LOXISTICA ALUGUER ANDAMIO	1.754,50 €
ALOXAMENTO ARTISTAS CON PENSION COMPLETA 9 DIAS	2.481,60 €
IMPRESA CARTELERÍA E DÍPTICOS	490,91 €
PINTURA E MATERIAIS	1.558,26 €
INTERVENCION 5 ARTISTAS	5.445,00 €
OBRADOIRO CLASE MAXISTRAL	907,50 €
EXHIBICION 1 (SEKONE)	544,50 €
EXHIBICION 2 (TEBO)	544,50 €
COBERTURA AUDIOVISUAL (VIDEO)	1.452,00 €
FOTO REPORTAXE	484,00 €
DESEÑO GRAFICO E PUBLICIDADE	2.783,00 €

PRODUCION E XESTION	4.834,05 €
	25.107,50 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.086,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE ORDES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE ORDES. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE ORDES, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE ORDES deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que o CONCELLO DE ORDES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle

á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE ORDES.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE ORDES, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE ORDES, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
6. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE ORDES deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do

vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE ORDES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE ORDES da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ORDES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE ORDES terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se debeñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE ORDES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE ORDES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle

poidan impor, o CONCELLO DE ORDES deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE ORDES poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE ORDES queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ORDES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE ORDES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de agosto de 2019 ata o 31 de agosto do 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de outubro do 2020.
2. O CONCELLO DE ORDES deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de setembro de 2020.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE

ORDES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO
DE ORDES,

O Secretario Provincial

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Colectivo A Rula polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Difusión do arquivo gráfico de Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza"

1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

A ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO A RULA a través do proxecto "DIFUSIÓN DO ARQUIVO GRÁFICO DE RAMÓN SOBRINO LORENZO - RUZA" ten por finalidade divulgar e protexer o noso patrimonio cultural, e especialmente unha das manifestacións artísticas máis singulares do noso país, os petróglifos.

- O obxecto deste proxecto consiste en recuperar un dos arquivos fotográficos máis importantes de Galicia de carácter arqueolóxico, divulgando unha das máis interesantes mostras de arte rupestre da nosa comunidade. No caso concreto do obxecto da presenta subvención, trátase de recuperar os fondos do arquivo familiar Sobrino –Nuñez que representan un tesouro documental e gráfico único e excepcional que permaneceu inédito ata os nosos días. O seu delicado estado de conservación e a falta de recursos económicos que permitiran a súa correcta organización e posterior dixitalización motivan a solicitude de axuda económica para garantir a súa conservación e difusión. O convenio asinado entre o Colectivo A Rula e don Ángel Núñez, custodio deste importante arquivo que constitúe probablemente unha das coleccións de fotografía do século XX de temática arqueolóxica máis importantes de Galicia.

-Trátanse de 1000 documentos que constitúen probablemente unha das coleccións de fotografía do século XX de temática arqueolóxica máis importantes de Galicia. Documentos gráficos (fotografías, planos, deseños) que reflicten a metódica práctica que aplicaba R. Sobrino Lorenzo ó estudo e rexistro dos petróglifos da provincia da Coruña e ós principais xacementos do Megalitismo galego, os dos principais campos de investigación deste arqueólogo. O Colectivo A Rula pretende con este proxecto divulgar unha excepcional mostra da riqueza da nosa arte rupestre, do chamado "Grupo Galaico da Arte Rupestre", dende a "óptica" e interpretación dun dos mellores arqueólogos de Galicia, Ramón Sobrino Lorenzo – Ruza.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm.

Deputación Provincial da Coruña e co ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO A RULA CIF G70390448 para financiar o proxecto "DIFUSIÓN DO ARQUIVO GRÁFICO DE RAMÓN SOBRINO LORENZO - RUZA"

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 8.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 47,06 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481 onde existe crédito suficiente

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO A RULA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto " DIFUSIÓN DO ARQUIVO GRÁFICO DE RAMÓN SOBRINO LORENZO - RUZA "

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do COLECTIVO A RULA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o COLECTIVO A RULA consideran de gran interese para a provincia a difusión do arquivo fotográfico de Ramón Sobrino- Ruza, que amosa a particular visión deste relevante persoeiro que marcou o devir da historiografía da arte rupestre no século XX, con abundante material que reflicte a metódica práctica que aplicaba R. Sobrino Lorenzo ó estudo e rexistro dos petróglifos da provincia da Coruña e ós principais xacementos do Megalitismo galego, os dous principais campos de investigación deste arqueólogo.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do COLECTIVO A RULA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO A RULA**, CIF G70390448, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "" DIFUSIÓN DO ARQUIVO GRÁFICO DE RAMÓN SOBRINO LORENZO - RUZA " "tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO A RULA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento

1. Clasificación e ordenación do fondo Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza.	3.000
2. Dixitalización do Fondo Ramón sobrino Lorenzo-Ruza	3.000
3. Redacción, edición e coordinación dos contidos do Catálogo e a exposición	3.000
4. Maquetación do catálogo do Fondo Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza	3.900
5. Maquetación dos paneis da exposición (10x50).	3.600
6. Maquetación do material de promoción.	500
TOTAL	17.000

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 8.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 47,06%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 47,06% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o COLECTIVO A RULA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN COLECTIVO A RULA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN COLECTIVO A RULA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a COLECTIVO A RULA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a COLECTIVO A RULA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do COLECTIVO A RULA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á COLECTIVO A RULA unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do COLECTIVO A RULA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu

caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar realizadas entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de outubro de 2020.

2. Unha vez rematadas as actividades, o COLECTIVO A RULA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao COLECTIVO A RULA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao COLECTIVO A RULA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo COLECTIVO A RULA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a COLECTIVO A RULA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- O COLECTIVO A RULA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

- 1. O COLECTIVO A RULA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- 3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o COLECTIVO A RULA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

- 1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o COLECTIVO A RULA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o COLECTIVO A RULA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

- 1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de

colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do COLECTIVO A RULA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao COLECTIVO A RULA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo de 2018 e o 30 de outubro de 2020, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2020, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o COLECTIVO A RULA non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro de 2020**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá

exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o COLECTIVO A RULA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do COLECTIVO A RULA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da ASOCIACION

O Secretario Provincial

16.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de abril de 2020.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de abril de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de abril de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

17.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre de 2020 e proxección a 31/12/2020.

1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de marzo de 2020, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2020 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

18.- Aprobación do Plan de Acción da Presidencia 2020, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local.

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Acción da Presidencia 2020, para dar cumprimento ao establecido no artigo 38 do Real decreto 424/2017, do 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local, co seguinte contido:

PLAN DE ACCIÓN DA PRESIDENCIA: MEDIDAS RESPECTO AOS INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES, DEFICIENCIAS E ERROS POSTOS DE MANIFESTO POLO ÓRGANO INTERVENTOR NO INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO.

I. INTRODUCCIÓN: ANTECEDENTES E FUNDAMENTO NORMATIVO.

O Goberno provincial que tomou posesión logo das Eleccións locais que tiveron lugar no mes de maio de 2019, segue firme e convencido no seu obxectivo de modernización desta Deputación, -tal como se explicou no discurso de toma de posesión e inicio do mandato corporativo-, poñéndoa ao servizo da cidadanía e coma instrumento transformador e de mellora do tecido social e económico da Provincia.

Tamén como se recoñecía naquel discurso programático, a Deputación actual, os servizos que está a prestar e o seu funcionamento operativo, son froito do traballo constante dos distintos gobernos provinciais, que crearon servizos novos e melloraron os existentes, sempre coa entrega, apoio e adicación de todo o persoal. Deste xeito, esta institución caracterízase pola adaptación constante ás novas esixencias de modernización tecnolóxica, xestión pública e de carácter normativo, cooperando diariamente cos concellos nestes indeclinábeis retos.

Malia ao exposto, e xa adentrándonos no eido da xestión económica e financeira, cómpre ser consciente de que a profusa, cambiante e variada normativa a aplicar ás veces conleva certos incumprimentos, motivados na súa meirande parte na falla de sincronía entre as decisións políticas e a actuación administrativa. Asemade, tamén é posible que nalgún dos centros e servizos aos que logo se aludirá na formulación deste Plan de acción, se arrastren coma unha simple inercia certos usos e costumes do pasado que agora cómpre reconducir ou adaptar.

Precisamente, nesa idea de que o control serve para a mellora da xestión e a diagnose e erradicación das debilidades, xa en febreiro de 2018, seguindo a proposta conxunta da Secretaría, Intervención e Tesourería, esta Presidencia ditou a Resolución 2018/7215, na que se ordenaba realizar unha análise do funcionamento dos centros provinciais, coma un elemento de información para a xestión e coma un acto de execución do Plan de control financeiro do exercicio 2018. O resultado dos informes emitidos sobre cada un dos centros e servizos foi exposto esquematicamente polo órgano interventor no seu informe-resumo anual, polo que seguindo as súas conclusións e recomendacións, no apartado seguinte concrétanse as medidas a adoptar en cada caso.

Xa que logo, de acordo co disposto no artigo 38 do Real decreto 424/2017, de 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, fronte ao informe-resumo do órgano interventor cos resultados do control interno, fórmulase este Plan de acción, do que se da conta ao Pleno da Corporación, para o seu coñecemento e seguimento.

II.PLAN DE ACCIÓN: MEDIDAS, CALENDARIZACIÓN E SERVIZOS RESPONSABLES.

1.Medidas para evitar no futuro os reparos suspensivos no control de legalidade previo.

1.1.Respecto das subvencións nominativas: cumprimento da Ordenanza xeral de subvencións e do Plan estratéxico de subvencións.

Co fin de que cumprir cos requirimentos expostos nos reiterados informes de reparo emitidos polo Interventor xeral respecto da proposta de concesións de subvencións nominativas, na acción de fomento a desenvolver pola Deputación no exercicio 2020 e seguintes aplicaranse as seguintes medidas:

1ª.- Cumprimento do Plan estratéxico de subvencións:

O Pleno na súa sesión do 28 de febreiro aprobou o Plan estratéxico Provincial e fixou os obxectivos que a Deputación formula para o período 2020-2022 cos programas que se aprobarán para acadalos.

2ª.- Cumprimento dos requisitos e trámites previstos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias nos procedementos de concesión directa de subvencións:

No primeiro cuadrimestre do exercicio pasado culminouse o procedemento administrativo de aprobación e publicación dunha Ordenanza xeral de subvencións e transferencias (BOP de 15 de abril de 2019), norma regulamentaria de obrigada existencia consonte ao previsto na Lei xeral de Subvencións. Logo da súa entrada en vigor no mes de maio pasado, os procedementos administrativos que se incoaron a partir de entón teñen que cumprir os requisitos e trámites previstos nos artigos 16 e seguintes deste novo texto normativo que, sucintamente, se indican:

- A necesaria solicitude da entidade interesada, aprobada polo seu órgano representativo (pleno da corporación, asemblea de socios, padroado), acreditando as razóns excepcionais ou singulares que concorren na actividade ou proxecto, que non ten cabida en ningún dos plans ou programas que convoca anualmente a Deputación.
- A tramitación do procedemento, no que necesariamente deberá constar un informe-proposta do servizo correspondente, no que se pronunciará sobre o cumprimento dos requisitos establecidos, valorando se aprecia ou non a excepcionalidade ou singularidade e se efectivamente o proxecto ou actividade non pode acollerse a ningún dos programas de subvencións ou plans aprobados pola Deputación.

O Goberno provincial, ao abeiro da habilitación legal contida no artigo 22 da Lei xeral de subvencións e nesta normativa regulamentaria propia, só presentará ao Pleno da Corporación os expedientes que cumpran cos requirimentos expostos anteriormente. Do cumprimento dos mesmos son responsables cada un dos servizos con competencia na acción de fomento provincial.

1.2.Respecto das prestacións de servizos fóra do prazo contractual: aprobación do Plan anual de contratación e cumprimento do mesmo.

No informe-resumo da Intervención alúdese a este incumprimento, de carácter menor, aínda que apreciado nalgún expediente. Co fin de non volver a incorrer nos mesmos e que todas as prestacións e facturas se reciban dentro do ámbito temporal dos respectivos contratos, o Pleno na sesión ordinaria do mes de xaneiro tomou coñecemento da aprobación, mediante Resolución da presidencia 47039 de 30/12/2019, modificada posteriormente pola resolución da presidencia 603 de 13/01/2020, do Plan anual de contratación para o exercicio 2020.

Ínstase ao Servizo de Contratación para que impulse todos os procedementos de contratación en tempo oportuno, evitando que no futuro se poidan recibir prestacións fóra do período contratado.

1.3.Os convenios para a realización de prácticas por parte de persoal bolseiro: o cumprimento estrito do estatuto do persoal bolseiro.

Co fin de evitar calquera situación que poida ser considerada un fraude á normativa laboral e aos dereitos dos traballadores, calquera expediente no que se propoña a realización nesta Deputación de prácticas na condición de persoal bolseiro, sen prexuízo dos preceptivos informes, deberá informar sempre o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, garantindo que se cumpren os requisitos esixibles na regulación do persoal bolseiro e de que non hai elemento ou risco ningún de que a relación xurídica que se vai a formalizar poida ser de carácter laboral.

1.4.A liquidación da produtividade correspondente ao persoal eventual nos exercicios 2016, 2017 e 2018.

Perante esta circunstancia, posta de manifesto xa no informe-resumo de reparos emitido polo órgano interventor en febreiro de 2019, o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos emitíu a proposta de regularización que foi aprobada na sesión ordinaria da Xunta de goberno do 15 de maio de 2020.

1.5.O impulso das accións de derivación de responsabilidade para a recadación efectiva dos reintegros de subvencións e das sancións correspondentes.

Instase á Tesourería para que impulse estes expedientes e realice propostas de derivación de responsabilidade aos representantes legais das entidades, cando estas sexan declaradas fallidas. O prazo previsto para rematar esas actuacións é o terceiro trimestre do 2020.

2.O Pazo de Mariñán: creación dunha comisión de estudo para a regulamentación do servizo público, forma de prestación e cumprimento do fin social estipulado polo benefactor.

Logo de coñecido o informe de control permanente sobre o Pazo de Mariñán, desde o Servizo de xestión tributaria xa se promoveu a modificación da Ordenanza reguladora de prezos públicos que se aplica para determinadas cesións de uso das instalacións do Pazo.

Malia a todo, nunha vindeira sesión plenaria presentarase unha proposta para o acordo inicial ao que se refire o artigo 97 do Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, coa designación dunha comisión de estudo composta por

membros da Corporación e persoal técnico do Servizo de Patrimonio y Contratación, Sección de Protocolo e Relacións Públicas, a Secretaría Xeral e a Intervención.

A comisión que se designe deberá elaborar unha memoria sobre os posibles usos do Pazo de Mariñán, a declaración no seu caso do servizo público a prestar e a súa regulamentación, garantindo que os posibles recursos que se obteñan serán destinados ao financiamento de servizos sociais a prol da infancia, dándolle así cumprimento á vontade do testador e causante desta herdanza a prol da Deputación. Os traballos da comisión deberán quedar rematados para que o Pleno da Corporación poida aprobar a memoria no derradeiro trimestre do actual exercicio 2020.

3.A Imprenta provincial: creación dunha comisión de estudo para a regulamentación da actividade de impresión e edición a prol dos concellos e das entidades non lucrativas da Provincia.

Do mesmo xeito que no apartado anterior, nunha vindeira sesión plenaria presentárase a proposta para a designación dunha comisión de estudo composta por membros da Corporación e persoal técnico coordinado pola Oficialía Maior, coa finalidade de redactar unha memoria sobre as formas de xestión da imprenta, cunha proposta de regulamento para o seu funcionamento e as prestacións a realizar a prol de concellos e entidades non lucrativas.

A comisión de estudo deberá ter rematada a memoria para que o Pleno da Corporación poida tomala en consideración e, no seu caso, proceder a súa aprobación, no derradeiro trimestre do actual exercicio 2020.

4.A Biblioteca provincial: a modificación regulamentaria e a mellor cooperación coas bibliotecas municipais.

Dado que a biblioteca é un servizo público xa regulamentado, instábase á dirección a que, partindo do texto en vigor, presente unha nova proposta de regulamento adaptado á normativa en vigor (Lei 39/2015, do Réxime xurídico do Sector Público e normativa concordante).

Na proposta de regulamento que se presente deberá artellarse o sistema para a debida coordinación deste servizo provincial coas bibliotecas de ámbito municipal, de xeito que os recursos da nosa biblioteca sexan ben coñecidos e postos a disposición de toda a cidadanía provincial.

5.O Parque móbil: cumprimento da regulamentación do servizo.

A xestión e funcionamento deste servizo xa vén sendo dirixido con criterios profesionais e de control por parte da Oficialía maior.

O Pleno na súa sesión do 28 de febreiro aprobou o regulamento do Parque Móbil no que se definen todos os usos dos vehículos, con ou sen condutor.

6.O IES e Residencia Calvo Sotelo, o IES Puga Ramón, o Conservatorio profesional de danza, o Fogar infantil Emilio Romay, o Centro de Menores de Ferrol: a solicitude á Comunidade autónoma de Galicia para que asuma a titularidade destes centros educativos e sociais ou, alternativamente, para que achegue o financiamento suficiente para o sostemento dos mesmos.

Con respecto a estes servizos que vén prestando a Deputación dende a época predemocrática e sobre os que agora, ao abeiro da lexislación básica de réxime local, carece de competencia, acéptase a recomendación do órgano interventor de iniciar os trámites para a súa transferencia á Comunidade autónoma de Galicia ou, no seu

caso, a alternativa de que sexa dita administración pública a que asuma o seu financiamento, aínda que se manteña a xestión baixo a titularidade da Deputación. Xa que logo, ao longo do exercicio iranse presentado perante o Pleno as correspondentes propostas, para que se adopte o acordo correspondente e se notifique ao departamento correspondente da Comunidade autónoma (Consellería de Educación, Consellería de Servizos sociais), coa finalidade de iniciar formalmente as conversas e negociacións para acordar o que proceda con respecto á titularidade destes centros e o seu financiamento.

7.O Consorcio provincial contra incendios e salvamento: liquidación da taxa pola prestación do servizo contra incendios e salvamento e resolución de todos os recursos presentados ao longo do exercicio 2019 e anteriores que están pendentes de resolución

A Xerencia do Consorcio ten de impulsar a actividade administrativa necesaria para proceder a liquidación da taxa do servizo contra incendios derivada de todas as intervencións que se teñan producido no exercicio 2019, así como realizar a correspondente proposta para resolver os recursos presentados até o fin dese ano e que están pendentes na actualidade. O prazo previsto para rematar esas actuacións é o terceiro trimestre do 2020.

III.CONCLUSIÓN.

Despois de todo o exposto nos apartados precedentes, maniféstase a vontade do goberno que presido, non só de cumprir estritamente coa legalidade na xestión económico-financeira, senón de seguir as recomendacións do órgano interventor no tocante á análise e reflexión sobre xestión e funcionamento dos centros e servizos provinciais.

Será o Pleno da Corporación, coa representación que ostenta e na manifestación da autonomía local recoñecida pola Constitución, o que decida finalmente sobre as decisións a adoptar, garantindo así que os concellos e, por ende, toda a cidadanía da Provincia, reciba as mellores prestacións e servizos posibles.

SEGUNDO.- Incorporar o Plan ao expediente 2020000007698 INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO 2019 (Artigo 37 RCIL) do que se diu conta ao Pleno na sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2020.

TERCEIRO.- Remitilo á Intervención Xeral da Administración do Estado, así como aos demais órganos de control externo que proceda de conformidade coa normativa de aplicación, e publicalo na web institucional.

19.- Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2020

Vistas as peticións formuladas dende os diferentes servizos/unidades en relación co asunto de referencia e que conforman os seguintes

I.- ANTECEDENTES.

No Centro de Día de Menores de Ferrol o posto de traballo identificado co código 1.1.151.12 é creado polo acordo plenario que aproba a RPT e cadro de persoal 2020 (aprobación inicial do 21/11/2019 e definitiva do 31/01/2020) mediante a transformación dun posto de auxiliar educador. Crease cunha xornada especial, como a dos restantes postos de titor no CDM de Ferrol. No entanto e do escrito que achega a Dirección do Centro resulta que as xornadas especiais propuxéronse para os tres postos de titor/a responsables das Unidades pero as necesidades do servizo (o centro ten horario de 8-22 h) obrigan a dar cobertura con titores/as en xornadas a quendas para os postos de titor/a procedentes da reclasificación de auxiliar educador/a. Por iso propónse que, a xornada do posto 1.1.151.12 pase a ser a de "Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan."

A Dirección do Fogar Infantil Emilio Romay pon de manifesto a necesidade de seguir transformando os postos de auxiliar educador noutros de educadores/as infantís, xa que a titulación esixida para o acceso as correspondentes prazas é a precisa para o exercicio das funcións que se corresponden con citados postos. Polo tanto, propónse a transformación de 3 prazas (1.1.111.25, 5 e 18) subgrupo C2 e postos de auxiliar educador (1.1.173.8, 10 e 13), en tres prazas e postos de educador infantil, grupo B.

Na actualidade o posto de Xefe de servizos internos (1.1.3.145) non se considera necesario, polo que se propón a súa transformación, así como a da praza de auxiliar de admón xeral asociada, subgrupo C2 (1.1.4.147), nun posto de Educador Infantil, grupo B, adscrito ao Fogar Infantil Emilio Romay.

As necesidades do servizo, segundo indica a Dirección do Fogar, tamén aconsellan transformar 1 praza (1.1.85.8) subgrupo C2 e posto de cociñeira (1.1.125.11), vacante na actualidade, nunha praza de auxiliar educador e posto de auxiliar educador nocturno, subgrupo C2.

No Servizo de Informática e Administración Electrónica o desenvolvemento da plataforma SUBTEL e o volume adquirido pola mesma na actualidade fan necesario atribuír tarefas de coordinación do equipo dedicado á plataforma a un determinado posto de traballo. Para iso, a Xefatura do Servizo de Informática, propón transformar 1 posto de analista programador (1.1.290.19), grupo B, nunha Xefatura de negociado, mantendo a praza de Técnico especialista en informática.

O incremento no número de incidencias atendidas polo Centro de Atención ao Usuario, a centralización dos servizos prestados aos concellos, incluíndo o aloxamento nos servidores provinciais do correo electrónico das entidades locais e mesmo das súas páxinas web, os innumerables avances tecnolóxicos que desde o Servizo se puxeron á disposición tanto da Deputación como das entidades locais ás que se presta soporte, a inminente posta en marcha do Centro de Respaldo da

Deputación Provincial, entre outras razóns que expón a xefatura do Servizo de Sistemas e Soporte, aconsellan transformar 1 praza de técnico especialista en informática (1.1.140.12) e posto de analista programador (1.1.290.18), grupo B, nunha praza de Técnico superior en informática, subgrupo A1 e posto de Xefatura de negociado, con libre disponibilidad e atención continua ao público.

A Deputación da Coruña impulsa un novo Plan de Emprego Local, PEL 2020-2023, que actuará como eixo vertebrador de todas as políticas e medidas en prol do emprego articuladas desde a Deputación para promover o desenvolvemento territorial e socioeconómico da provincia, en liña coa competencia prevista no artigo 36.1.d da Lei 7/1985 "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial". Tal como sinala o informe da Intervención provincial do 30/10/2019, recaído sobre a proposta de continuidade das tres funcionarias interinas nomeadas para colaborar na execución do Programa de Empleo 2016-2019, "parece evidenciar un carácter continuista no diseño, planificación e execución destas liñas de programas que parecen responder mais a necesidades con vocación de permanencia na axenda executiva provincial que programas conxunturais". Continua o informe indicando que "tendo en conta a anunciada continuidade en próximos exercicios de programas de idéntica ou similar natureza, cómpre que as unidades xestoras responsables e o propio servizo de RRHH, adoiten as medidas oportunas que permitan, no seu caso, a cobertura de tales tarefas co persoal adecuado á súa natureza segundo a lexislación vixente, evitando disfuncións derivadas da aplicación do procedemento de cobertura temporal a necesidades que poida interpretarse que adoitan ser permanentes".

E neste mesmo sentido a proposta formulada polo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente cando indica que "a estabilidade na programación e xestión de políticas de emprego na Deputación, unido á necesidade ineludible de desenvolver actuacións dirixidas a revitalización territorial, amalgamando traballo en dinámicas demográficas, revitalización económica e transición ecolóxica, que atendan e mitiguen a fenda cada vez maior entre o rural e o urbano, fan necesaria a creación neste servizo de novas prazas de Técnicos/as de Xestión de Proxectos, que permitan, a propia Deputación en definitiva, cumprir estes cometidos con continuidade e sen sobresaltos".

Estando pois, ante unha actividade con vocación de permanencia e en correspondencia coas competencias legalmente atribuídas á Deputación Provincial, o seu desempeño debe atribuírse a postos estruturais cuxa creación se leva a cabo mediante a súa inclusión na relación de postos de traballo, e o conseqüente correlato no cadro de persoal. Proponse, en consecuencia, a creación de 4 prazas no subgrupo A1 no cadro de persoal e 4 postos de Técnico de xestión de proxectos, nivel 22, adscritos ó Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente.

En base aos seguintes

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, que atribúe ao Pleno a competencia para a probación da relación de postos de traballo.

Artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Á vista do exposto

ACÓRDASE:

1. Realizar as seguintes adaptacións no cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama:

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL

Modificar a xornada dun posto de Titor (código 1.1.151.12) con Xornada especial por Turnicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan.

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY- SERVICIOS INTERNOS

Transformar 3 prazas e postos de auxiliar educador, subgrupo C2, en tres prazas e postos de educador infantil, grupo B.

Transformar un posto de Xefe de servizos internos e a praza de auxiliar de admón xeral asociada, subgrupo C2, nunha praza e posto de Educador Infantil, grupo B, adscritos ao Fogar Infantil Emilio Romay.

Transformar 1 praza e posto de cociñeira, subgrupo C2, nunha praza de auxiliar educador e posto de auxiliar educador nocturno, subgrupo C2.

SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Transformar 1 posto de analista programador, grupo B, nunha Xefatura de negociado, con libre disponibilidad e atención continua ao público, mantendo a praza de Técnico especialista en informática.

SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE

Transformar 1 praza de técnico especialista en informática e posto de analista programador, grupo B, nunha praza de Técnico superior en informática, subgrupo A1 e posto de Xefatura de negociado, con libre disponibilidad e atención continua ao público.

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE - PEL

Creación de 4 prazas e postos de Técnico de xestión de proxectos, subgrupo A1, nivel 22.

2. Aprobado a matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación que figura como anexo I.

3. Aprobado as funcións dos postos de traballo que figuran como anexo II.

4. Aprobado inicialmente a modificación da relación de postos de traballo 2020 que figura como Anexo III e dispor, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa sometida a información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, a efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse éstas a aprobación elevarase a definitiva.

5. Aprobado inicialmente a modificación do cadro de persoal para o ano 2020 que figura como Anexo IV, dispoñendo a súa exposición ao público mediante o correspondente

anuncio no Boletín Oficial da Provincia por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, segundo o disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa de aplicación. De non producirse reclamacións durante o citado prazo o cadro de persoal quedará definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004.

6. Aprobar a modificación do organigrama 2020 que figura como Anexo V.

7. Unha vez aprobados definitivamente, remitir copia da relación de postos de traballo e do cadro de persoal aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia no prazo de trinta días.

8. Publicar íntegramente a modificación da relación de postos de traballo e o cadro de persoal 2020 no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I - Matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación

POSTO	NIVEL	GRUPO	FLA	27%	FLB	3%	FII	5%	FIII	5%	FIV.A	13%	FIV.B	7%	FV	5%	FVLA	25%	FVLB	10%	PUNTUACIÓN TOTAL	C. ESPECÍFICO
Titor CDM Ferrol - quendas	21	A2	4	25,00	1	33,33	2	66,67	2	66,67	6	50,00	1	25,00	2	50,00	5	30,00	2	20,00	34,67	17.687,19 €
Xefatura de negociado (Informática e administración electrónica e Sistemas e soporte) Libre dispoñibilidade - At. continua ao público	22	A1/A2/B	6	35,00	2	66,67	2	66,67	1	33,33	1	10,00	3	75,00	2	50,00	5	30,00	5	50,00	38,00	19.387,80 €

ANEXO II

CATÁLOGO DE FUNCIÓNS DOS POSTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
Titor/a Fogar Infantil Emilio Romay Centro de día de menores de Ferrol	B C1	AE	Exercer a tutoría das nenas e nenos mantendo unha relación profesional e afectiva con elas/les, tendo en conta as características persoais de cada un/ha a través da observación, reflexión e estudo do seu expediente persoal e doutros medios válidos para conseguir esta información. Elaborar a programación propia do seu fogar, actividades, reparto de tarefas e obxectivos de acordo ao proxecto educativo individual (PEI) de cada menor, así como as tarefas e actividades que se han de realizar na súa ausencia. Elaborar e desenvolver o PEI e informes educativos de cada menor, nas diferentes áreas e tarefas que implican a súa acollida, desenvolvemento persoal e integración social. Asumir a responsabilidade educativa das/os menores e a súa acollida. Realizar a acollida de cada novo membro no seu grupo, informándolle ao menor dos seus dereitos, das características da medida, da posibilidade de contactos familiares. Facilitar o acceso e acompañar aos menores a recursos (médicos, psicolóxicos, xurídicos....) Responsabilizarse do seguimento médico sanitario e da administración dos tratamentos médicos prescritos aos menores e a coordinación dos mesmos na súa ausencia cos/as educadores/as e cos/as auxiliares educadores/as. Organizar as compras do vestiario, calzado, equipamento, útiles e obxectos de cada menor e a súa participación, tendo en conta os seus gustos e preferencias. Intervir constantemente e crear hábitos sociais necesarios a través da vía cotiá, organizando as actividades diarias, a hixiene persoal, saúde e seguimento escolar. Manter e coidar os vínculos entre os menores e as súas familias transmitindo á nai e ao pai a información sobre a súa evolución nos seus distintos ámbitos. Planificar as visitas, saídas e contacto, supervisalos e valorar a súa calidade, axustados pola entidade competente, tendo en conta as necesidades dos/as menores, facilitando o encontro familiar e responsabilizándose do adecuado control e rexistro. Traballar coas familias as habilidades socioeducativas en función das súas necesidades e do desenvolvemento educativo dos/as	Xornada especial Turmicidade con alternancia de mañás e tardes, incluíndo sábados que correspondan: Titor/a con quedas (CDM de Ferrol)	

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
			nenos/as. Establecer criterios unificados de actuación co persoal educador e auxiliar e coordinar as tarefas nos diferentes turnos. Manter as entrevistas necesarias con profesionais internas/os e externas/os ao centro, para o seguemento das distintas áreas do PEI. Custodiar a documentación de soporte para a elaboración do PEI e do seu seguemento. Participar de forma activa nos cursos de formación e perfeccionamento. Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que manteña a Deputación cos concellos da provincia. Participar como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios incoados pola deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia participando como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios de acordo co previsto na normativa aplicable. Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos participando como membro dos tribunais de selección. Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participación como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das ofertas nos expedientes de contratación. Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia		
Xefaturas de negociado	A1 A2 B C1	AX/AE	Colaborar coa xefatura da Sección na fixación de obxectivos, formulación de propostas, orzamentos e plans de actuación, así como na súa execución Propor as actividades e actuacións do Negociado para alcanzar os obxectivos establecidos para a Sección, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento. Propor á xefatura de Sección cuantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do Negociado. Propor á xefatura de Sección, a resolución que estime procedente sobre os asuntos que afectan ao Negociado. Colaborar coa xefatura de Sección na	Transversalidade funcional grao 2 Habilitación anticipos caixa fixa Libre dispoñibilidade Xornada especial dedicación, incompatibilidade total e dispoñibilidade total : Xefaturas de negociado de prensa, de protocolo e de nóminas Atención continua ao público: Xefatura de negociado de	Soporte "in situ" aos concellos da provincia, cando así o aconselle a dificultade ou a complexidade da solución en remoto

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
			preparación e xestión do orzamento. Impulsar e supervisar e coordinar as actividades que forman parte da xestión ordinaria do Negociado e do persoal integrado nelas. Velar pola eficiente utilización dos medios e recursos materiais, económicos e persoais que teñan asignados. Coidar da formación, motivación, promoción, disciplina, prevención, seguridade e clima laboral do persoal ao seu cargo, propondo as medidas que considere adecuadas para alcanzar tales fins, ademais de atender e resolver as cuestións individuais que lle sexan expostas polo persoal do seu Servizo. Impulsar a utilización de instrumentos tecnolóxicos nas actividades do Negociado. Cofecemento experto e utilización das aplicacións informáticas de que dispón o Negociado. Promover dentro do Negociado os usos e hábitos da calidade e mellora continua da eficacia e eficiencia nos procesos ordinarios de xestión. Promover a análise e medida dos resultados obtidos. Supervisar, controlar e coordinar a actividade administrativa do Negociado. Asistir ás reunións técnicas ás que sexa convocado en calidade de responsable do Negociado tanto reunións internas como externas. Realizar, por propia iniciativa ou seguindo instrucións, todas aquelas funcións relacionadas co desempeño do seu posto que se consideren adecuadas en orde ao bo funcionamento do Negociado. Asesorar e prestar asistencia e apoio técnico en materias da súa competencia con especial atención a todas as cuestións provenientes das relacións interadministrativas que mantén a Deputación cos Concellos da provincia. Participar como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios incoados pola deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia participando como instructor/a ou, se é o caso, como secretario/a na tramitación dos expedientes disciplinarios de acordo co previsto na normativa aplicable. Participar, cando sexa nomeado, como membro dos diversos tribunais de selección nos diferentes procesos de selección que sexan convocados pola Deputación e prestar asistencia aos concellos da provincia nos seus procesos selectivos participando como membro dos tribunais de selección. Colaborar na organización e xestión dos procedementos de contratación mediante a súa participación como membro da Mesa de contratación, cando sexa designado polo órgano de contratación; e, así mesmo, en función da súa cualificación, participar como membro do Comité de expertos para a valoración das	Informática e administración electrónica e de Sistemas e soporte	

Denominación	Grupo Subgrupo	Escala	Funcións	Observacións	Funcións adicionais en relación á asistencia aos Concellos
			ofertas nos expedientes de contratación. Calquera outra función, de carácter análogo e/ou complementario que lle sexan atribuídas, dentro do ámbito da súa competencia, e sexan adecuadas á súa capacitación e formación profesional, coñecementos e experiencia. O desempeño dos ditos cometidos estará predeterminado pola ubicación orgánica para a prestación do servizo.		

ANEXO III
RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2020

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIONES	C. ESPECÍFICO
GABINETE DE PRESIDENCIA												
1.1.213.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1		1	N	LD		AX	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.211.1	Secretario/a Gabinete	22	A2	B C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.205.1	Secretario/a de Presidencia	22	C1		1	N	LD		AX	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.414.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	A2	B C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.213.4	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1		1	N	LD		AX	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.8.1	Secretario/a de Vicepresidencia	22	B	C1	1	N	LD		AX/AE	3/45	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.8.2	Secretario/a de Vicepresidencia	22	B	C1	1	N	LD		AX/AE	3/45	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.374.1	Xefatura de negociado de prensa	22	C1		1	N	LD		AX	3	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.375.1	Xefatura de sección de protocolo	24	A1	A2	1	N	CE		AX/AE	10/9	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	29.846,99
1.1.221.1	Xefatura de Negociado	22	A2	B C1	1	N	LD		AX/AE	9/8/3	Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	23.001,58
1.1.178.66	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2		1	N	C		AX	9		15.425,00
ASESORIA XURIDICA												
1.1.38.1	Asesor xurídico	28	A1		1	S	CE		AE	11	Letrado/a Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	37.763,51
1.1.60.1	Letrado asesor adxunto	28	A1		1	S	C		AE	11	Letrado/a Xomada especial dedicación Incompatibilidad total Disponibilidad total	34.676,83

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.	DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECIF.	OBSERVACIÓN	C. ESPECÍFICO
- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concorrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Aambiente, segundo a memoria presentada pola citada entidade, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, consiste na mellora das perspectivas de emprego no sector turístico provincial e en aproveitar os efectos do turismo sobre as economías locais como factor de desenvolvemento e loita contra a despoboación e o envellecemento que ameaza os concellos da provincia, e en fortalecer o papel e a utilidade da CEC, unha entidade cunha ampla traxectoria e experiencia que aglutina baixo as súas siglas a todos os sectores da actividade produtiva, a todos os tamaños empresariais e a todos os territorios que compoñen A Coruña como provincia.
- O obxectivo principal que pretende a entidade, consiste en aproveitar o papel tractor e dinamizador do sector turístico na provincia e as potencialidades de desenvolvemento que ofrece como xerador de emprego e riqueza e apostar por fortalecer a presenza da CEC no sector turístico de cara a apoiar a creación de emprego relacionado co desenvolvemento turístico, detectar necesidades formativas para unha maior profesionalización do sector e a cobertura de nichos de emprego relacionados coa actividade turística, así como incrementar o apoio ao tecido empresarial relacionado co turismo.
- Cabe considerar ademais que con este proxecto, trátase de aunar esforzos, recursos e coñecementos para detectar necesidades no sector, definir estratexias e liñas de actuación que contribúan a identificar nichos de emprego, xerar actividade no sector turístico e de ocio en todas as súas formas: autoemprego, conta allea, pequena empresa, etc, ou abrir, dentro das empresas existentes, novas liñas de actividade para dar resposta ás demandas identificadas, así como xerar alianzas público-privadas, asociacións

ou agrupacións que contribúan ao mesmo fin da dinamización económica e a xeración de emprego na provincia.

- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo
- Por outra banda, cómpre destacar que a CEC é unha organización profesional de carácter intersectorial e ámbito provincial, sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a representación, xestión e defensa dos intereses xerais e comúns do colectivo empresarial e conta cunha dilatada experiencia na prestación de servizos ás empresas a través dos seus departamentos, en diferentes áreas, funcionando como axencia de colocación; fomento da cultura emprendedora, creación de empresas; formación do tecido produtivo; asesoría xurídico-laboral; asesoría económico-fiscal; formación para as persoas traballadoras; formación para as persoas traballadoras desempregadas; formación en prevención de riscos laborais; formación para emprendedores/as e empresarios/as; formación para directivos/as e accións para a orientación profesional e o autoemprego. Todo isto a través de múltiples programas e servizos xestionados dende a CEC.

3º Aprobado o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA (CEC) CIF G15029960, para financiar o proxecto “Plan para o desenvolvemento empresarial e contribución á mellora das perspectivas de emprego no sector turístico provincial”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 55.882,11 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA (CEC), NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “PLAN PARA O DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E CONTRIBUCIÓN Á MELLORA DAS PERSPECTIVAS DE EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO PROVINCIAL”, ANUALIDADE 2020

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor Valentín González Formoso Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Antonio Fontenla Ramil, con DNI núm 32305828M, en representación da Confederación de Empresarios da Coruña,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Confederación de Empresario de A Coruña (CEC) consideran de gran interese traballar de forma conxunta para fortalecer a presenza da CEC entre o empresariado do sector turístico provincial e facer chegar en maior medida os seus servizos, experiencia e coñecemento a un sector que xoga un papel fundamental na provincia polo potencial de desenvolvemento que ofrece como xerador de emprego, e contribuir así á mellora das perspectivas de emprego do sector en concellos da provincia con perspectivas de desenvolvemento turístico, aproveitando os efectos positivos do turismo sobre as economías locais como factor de desenvolvemento e loita contra a despoboación e o envellecemento no ámbito provincial.

Que este interese conxunto conflúe co principal obxectivo do Plan de Emprego Local que a entidade provincial vén desenvolvendo como estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia e que ten como obxecto fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC), no marco do seus fins e competencias, as partes acordan suscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polas entidades beneficiarias para o financiamento do proxecto “Plan para o desenvolvemento empresarial e contribución á mellora das perspectivas de emprego no sector turístico provincial” cuxos obxectivos consisten en:

- Visibilizar o labor da CEC entre o empresariado do sector turístico de concellos da provincia con perspectivas de desenvolvemento turístico.
- Incrementar a presenza e utilidade da CEC como prestadora de servizos ao empresariado, en especial do sector turístico.
- Fortalecer o papel da CEC como representante do tecido empresarial e en especial do sector turístico.
- Apoiar a creación de empresas e de empregos relacionados co turismo en concellos con potencialidades e recursos para o desenvolvemento dun sector turístico local sólido.
- Apoiar o desenvolvemento empresarial do sector turístico en termos de calidade, profesionalidade e innovación.
- Implicar ao empresariado do sector turístico provincial na elaboración dun “Plan para o desenvolvemento empresarial e contribución á mellora das perspectivas de emprego no sector turístico provincial”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC) levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	CEC
GASTOS DE PERSOAL	61.276,10 €
1 Técnico/a de proxecto	45.000,00 €
Coordinación proxecto	13.705,56 €
Persoal para deseño e maquetación do Plan	2.570,54 €
GASTOS DE VIAXE	375,00 €
Desprazamentos, aloxamento y manutención	375,00 €
CONTRATACION EXTERNA	1.851,30 €
Publicidade e difusión en redes sociais/entorno web actividades do proxecto	1.851,30 €
CUSTES XERAIS	6.350,24 €
Xestión e administración	6.350,24 €
Total custo proxecto	69.852,64 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 55.882,11€, o que representa unha porcentaxe do 80% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CEC obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CEC.

No procedemento de contratación a CEC axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

No caso de que a CEC tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberán remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do

Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, a CEC achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 53ª das de execución do Orzamento para o ano 2020 e no artigo 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da CEC, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OI.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. A CEC estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CEC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

No caso de gastos de persoal contratado directamente pola CEC, indicarse para cada traballador e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
5. A CEC deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. A CEC estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
7. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CEC na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CEC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se

faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o 1 de decembro de 2018 e o 31 de decembro de 2019.

2. Unha vez rematadas as actividades, a CEC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á CEC para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda de subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CEC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de Subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A CEC deberán estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CEC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CEC poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas

formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CEC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CEC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CEC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de decembro de 2018 ata o 31 de decembro de 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo de 2020, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a CEC, por motivos excepcionais, non poidan ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do 30 de xuño de 2020, deberá solicitar polo menos un mes antes desta data a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2020. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que se perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de todas as partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e a CEC, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante da Confederación de
Empresarios de A Coruña

Asdo:

Asdo:

21.- Aprobación da formalización dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para a cofinanciación das obras e do proxecto "Acondicionamento nave como centro comarcal de apoio ao desenvolvemento rural", dentro do Plan de Emprego Local, anualidade 2020.

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva::

- Concello de Moeche a través do proxecto "Acondicionamento nave para a creación dun Centro Comarcal de Apoio ao Desenvolvemento Rural" ten por finalidade principal, a rehabilitación e acondicionamento dunha instalación situada no recinto da feira de San Ramón, no Concello Moeche, coñecida como a nave dos queixos, así como para a urbanización da súa contorna, co obxecto de crear un Centro Comarcal de Apoio ao Desenvolvemento Rural en colaboración cos concellos de San Sandurniño, Valdoviño e Cerdido. Os concellos promotores teñen a pretensión de crear un centro comarcal de elaboración de produtos agroalimentarios que funcione como un viveiro de empresas para que as pequenas explotacións creen máis valor nos seus produtos por medio da elaboración e transformación.
- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concurrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, segundo a memoria presentada polo Concello de Moeche, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, concíbese como un instrumento fundamental para mobilizar recursos e medios para colaborar coas explotacións rurais, para entre todos, construír un agro vivo, dinámico e racional, que fixe poboación e que xere emprego e riqueza.
- Cómpre considerar ademáis, que o proxecto fortalece aspectos a nivel comarcal ao abranguer e apostar especialmente polas iniciativas emprendedoras de valor engadido, pola prestación de asistencia especificamente deseñada para adaptarse ás necesidades das persoas emprendedoras, pola óptica comarcal e pola colaboración entre administracións na creación de ferramentas de valor que contribúan á creación dun tecido empresarial que xere emprego local, sustentable e de calidade. A importancia deste proxecto radica finalmente, no apoio ao tecido empresarial na comarca, o fomento do emprendemento e a creación de novas empresas, así como o fortalecemento de sectores estratéxicos específicos, a mellora da calidade de vida da poboación a través da creación de emprego e a prestación de máis e mellores servizos públicos e privados que garantan a fixación de poboación dos catro concellos promotores principalmente, pero tamén doutros municipios veciños, de Ferrolterra, do Eume e do Ortegal.
- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do

proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo.

- Por outra banda, cómpre destacar que con este proxecto, o Concello de Moeche, pretende:
 - Promover a sustentabilidade económica, social e ambiental da comarca.
 - Diversificar a economía de base local e apostar pola recuperación do sector primario.
 - Apoiar a xeración de novas rendas no rural e dar viabilidade a moitas pequenas explotacións.
 - Facilitar a estabilización do emprego existente e crear novas oportunidades laborais no rural.
 - Poñer en valor os recursos endóxeos do territorio.
 - Apoiar a preservación do patrimonio natural, cultural, agronómico e xenético do territorio.
 - Promover a introducción no mercado de produtos locais, de calidade, con todas as garantías hixiénicas e sanitarias esixidas pola normativa vixente.
 - Fixar poboación e emprego no medio rural.
 - Protexer os usos tradicionais do chan.
 - Mellorar a calidade de vida do conxunto da poboación.
 - Promover a colaboración e o traballo conxunto entre diferentes administracións locais, de cara a un uso máis eficiente e eficaz das instalacións e dos servizos públicos.

3º Aprobar o texto do convenio de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MOECHE CIF P150500H, para financiar o proxecto “Acondicionamento nave para a creación dun Centro Comarcal de Apoio ao Desenvolvemento Rural”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 103.545,99 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 65,88%.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/76201, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MOECHE PARA A COFINANCIACIÓN DAS OBRAS E DO PROXECTO “ACONDICIONAMENTO NAVE COMO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO RURAL”, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, ANUALIDADE 2020.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dña. Beatriz Bascoy Maceiras, con DNI núm 32776404R, en representación do CONCELLO DE MOECHE.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o CONCELLO DE MOECHE e a Deputación da Coruña:

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MOECHE consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.
2. Que a Deputación provincial da Coruña está a xestionar Programa de Emprego Local (PEL), como o instrumento fundamental da estratexia provincial polo Emprego.
3. Que o CONCELLO DE MOECHE conta con medios materiais e instalacións precisas para implementar, xunto coa Deputación, unha política activa de apoio ao emprendemento e o fomento do emprego no sector agrogandeiro, nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.
4. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MOECHE en promover o sector do emprendemento e o emprego no sector primario e de establecer medidas efectivas de loita contra o desemprego, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MOECHE ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1. O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE MOECHE, con CIF P1505000H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras e subministracións “PROXECTO PARA ACONDICIONAMENTO DE NAVE COMO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO RURAL”, tal e como aparecen definidas estas no proxecto técnico de execución redactado por Alfonso Botana Castelo, Col. Nº2405.
2. O CONCELLO DE MOECHE, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista, alomenos durante un prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO

O orzamento total da execución de contrata da obra “Proxecto para acondicionamento de local para coworking”, segundo o proxecto técnico desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material	109.148,10 €
Gastos xerais (13%)	14.189,25 €
Beneficio industrial (6%)	6.548,89 €
Presuposto de contrata	129.886,24 €
Imposto sobre o valor engadido (21%)	27.276,11 €
Orzamento total	157.162,35 €

Segundo a memoria achegada polo CONCELLO DE MOECHE, o orzamento máximo para as actuacións obxecto do convenio, ascende a 157.162,35 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 103.545,99€ o que representa unha porcentaxe do 65,88%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da actuación, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,88% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención Provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
6. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
7. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE MOECHE o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. Nos procedementos de contratación, o CONCELLO DE MOECHE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.
3. Deberá utilizar os pregos- tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4. No caso de que o CONCELLO DE MOECHE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un

exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

5. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO DE MOECHE o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

No tocante á publicidade do financiamento provincial das obras:

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE MOECHE, estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. De acordo co disposto na Base 53ª das Bases de execución do Orzamento para o ano 2020 e no artigo 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MOECHE, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medio electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.-1, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

O CONCELLO DE MOECHE, deberá achegar ademáis:

- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

2. Rematada completamente a obra e recibidas as subministracións, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (só admisible por medio electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V-2**, mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens** do CONCELLO DE MOECHE, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos **durante un prazo de dez anos**.

O CONCELLO DE MOECHE deberá achegar ademáis:

- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Deberá acreditar **o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**.

3. O aboamento da contía materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MOECHE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MOECHE terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS, ADQUISICIÓN DOS BENS MOBLES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar rematadas antes do 31 de MARZO de 2021 e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo de un mes antes do fin do período de vixencia do convenio, establecido na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MOECHE para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MOECHE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulta aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MOECHE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. O CONCELLO DE MOECHE autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

No tocante ao destino e manexo dos fondos recibidos:

1. O CONCELLO DE MOECHE destinará os fondos recibidos ao acondicionamento dunha nave como Centro Comarcal de Apoio ao Desenvolvemento Rural.
2. O CONCELLO DE MOECHE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.
4. O CONCELLO DE MOECHE deberá adscribir os bens obxecto da subvención durante un prazo mínimo de dez anos á finalidade para a que foi concedida.
5. O CONCELLO DE MOECHE deberá integrar o Centro Comarcal de Apoio ao Desenvolvemento Rural á Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación a través da firma dun Documento de Adhesión que o compromete a levar a cabo as súas actuacións e actividades:
 - Respectando uns parámetros comúns de traballo que a entidade provincial establecerá nun Marco Común de Actuación para todos os espazos de traballo que conformarán a rede.
 - De conformidade coas directrices establecidas pola Deputación da Coruña na Estratexia de Coordinación e Xestión dos distintos espazos.
 - Aplicando as instrucións de publicidade e difusión da rede e dos espazos que a integran definidas na Estratexia Conxunta de Promoción e Difusión da Rede da Deputación da Coruña.

X.- CONTROL FINACEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MOECHE poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de

Contas de Galicia, o CONCELLO DE MOECHE, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MOECHE serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MOECHE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **30 de ABRIL de 2021**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario

correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MOECHE non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de MARZO de 2021**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente par ao pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá ao CONCELLO DE MOECHE para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de demora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo CONCELLO DE MOECHE respectivamente.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

A ALCALDESA/PRESIDENTA
CONCELLO DE MOECHE

DO

Asdo.: _____

Asdo.: _____

22.- Aprobación da formalización dun convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA no marco do Plan de Emprego Local 2016-2019, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para a cofinanciamento do proxecto "PROEM", anualidade 2020

1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva:

- A Asociación de Empresarios SEARA a través do proxecto "Proem" ten por finalidade principal, fomentar os valores do emprendemento entre a comunidade educativa. O seu obxectivo consiste en incentivar a cultura emprendedora no ámbito educativo e favorecer a aparición de novos proxectos, tanto empresariais como doutra natureza.
- A concesión da achega da Deputación fóra das convocatorias de concurrencia competitiva, que en cada exercicio orzamentario tramítanse no Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, segundo a memoria presentada pola citada entidade, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, concíbese como clave para artellar a participación e implicación de entidades empresariais e centros educativos da provincia para a difusión do espírito emprendedor como un dos motores principais da innovación, a competitividade e o crecemento económico da provincia en conxunto.
- O obxectivo principal que pretende a entidade, consiste no fomento do emprendemento na educación , establecendo unha cadea de formación de emprendedores/as dende a educación primaria ata a consolidación de empresas. O obxectivo é asegurar unha continuidade na aparición de novos proxectos, tanto empresariais, como doutra natureza.
- Cabe considerar ademáis que a metodoloxía a utilizar no proxecto, é a de crear unha cooperativa educativa co alumnado de educación secundaria para ensinalles todos os pasos que habería que ir dando para xestionar unha empresa. Ao longo do proxecto o alumnado terá a oportunidade de descubrir, poñer en práctica, desenvolver e amosar as ganas de emprender experimentando en primeira persoa o proceso de creación e xestión dunha empresa. Poderán poñer en práctica os coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para poñer en marcha un proxecto empresarial. A importancia deste proxecto radica en que a educación para o emprendemento resulta esencial non só para forxar a mentalidade nos mozos e mozas, senón tamén para proporcionar as competencias, coñecementos e actitudes básicas para o desenvolvemento dunha cultura do emprendemento. Existe unha correlación positiva e sólida entre o fomento do espírito emprendedor e os resultados económicos en termos de crecemento, supervivencia de empresas,

innovación, creación de emprego, cambio tecnolóxico e incremento da produtividade..

- O importe da axuda provincial vén determinado pola dimensión económica do proxecto. Neste sentido, a porcentaxe de financiamento determinouse na consideración de que a actividade non ten fin lucrativo
- Por outra banda, cómpre destacar que a Asociación de Empresarios SEARA é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública pola Xunta de Galicia. A entidade vén traballando dende o ano 2002 na dinamización das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, no asesoramento e formación a emprendedores/as, autónomos, micropemes e pemes. Os beneficiarios das actividades e proxectos levados a cabo pola asociación é a sociedade en xeral, especialmente emprendedores, autónomos, micropemes e pemes, atendemos a calquera persoa que teña en mente crear un proxecto empresarial. O seu ámbito de actuación tal e como está reflectido nos estatutos, son as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, pero é indiscutible o seu efecto positivo sobre a creación de emprego e a xeración de riqueza do tecido produtivo provincial.

3º Aprobamos o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA CIF G15839491, para financiar o proxecto "Proem".

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 32.344,33 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79%.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/24100/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio." O texto íntegro do convenio é o seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019, POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "PROEM", ANUALIDADE 2020

Na Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor Valentin González Formoso Presidente da Excmá. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Castro Romero con DNI núm. 76394347P, en representación da Asociación de Empresarios SEARA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA consideran de gran interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de Empresarios SEARA, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Empresarios SEARA, CIF G-15839491, para o financiamento do proxecto "PROEM", que nace para fomentar os valores do emprendemento entre a comunidade educativa. O seu obxectivo consiste en incentivar a cultura emprendedora no ámbito educativo e favorecer a aparición de novos proxectos, tanto empresariais como doutra natureza.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación de Empresarios SEARA levará a cabo as actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Labores de formación e difusión	7.946,01 €
Labores de coordinación	5.297,34 €
Labores de asesoramento	21.858,84 €
Material didáctico	1.150,00 €
Transporte	600,00 €
Outros gastos xerais	4.090,00 €
Total custo proxecto	40.942,19 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 32.344,33€, o que representa unha porcentaxe do 79% do custo do proxecto.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade

básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

A subvención da Deputación non é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Empresarios SEARA obteña para a mesma finalidade.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

Corresponderalle á Asociación de Empresarios SEARA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

No caso de que a Asociación de Empresarios SEARA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal

Coa memoria e conta xustificativa, a Asociación de Empresarios SEARA achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 53ª das Bases de execución do Orzamento para o ano 2020 e no artigo 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da Asociación de Empresarios SEARA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Empresarios SEARA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
No caso de gastos de persoal contratado directamente pola asociación, indicárase para cada traballador e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade local.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. A asociación deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. A Asociación de Empresarios SEARA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos correspondentes
7. Declaración de non ter solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Empresarios SEARA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a asociación terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de setembro de 2019 e ata o 31 de outubro de 2020.**
2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Empresarios SEARA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Empresarios SEARA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación nestre parzo adicional non eximirá á Asociación de Empresarios SEARA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da

entidade financeira indicada pola Asociación de Empresarios SEARA na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a correcta e acuada xustificación o cumprimento dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle aboane o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento do xuro legar do diñeiro, computado desde a finalización do prazo de catro meses antes indicado ata a dato do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciárase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación de Empresarios SEARA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsáble expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de Empresarios SEARA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Empresarios SEARA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Empresarios SEARA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Empresarios SEARA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de setembro de 2019 e ata o 31 de outubro de 2020**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2020**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. A Asociación de Empresarios SEARA deberá ter presentada a xustificación en todo caso antes do día **31 de decembro de 2020**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación de Empresarios SEARA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____do día__de
__de__

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante da Asociación de
Empresarios SEARA

Asdo:

Asdo:

MOCIÓN, que presenta o Grupo Popular Provincial na Deputación de A Coruña para instar ao goberno de España a non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o Estado de Alarma para apropiarse dos aforros das EE.LL, así como autorizar ás EE.LL para poder utilizar os recursos dispoñibles para paliar a dramática situación que teñen moitas familias, moitos autónomos e pemes no noso país derivada da pandemia provocada polo COVID-19

As entidades locais constitúen a administración máis próxima ao cidadán e ante a crise sanitaria, social e económica, derivada da pandemia provocada polo COVID-19 foron os primeiros en implementar medidas para conter a expansión do virus, apoiar á poboación máis vulnerable, canalizar a onda de solidariedade dos españois e sentar as bases para que a recuperación da sociedade e economía españolas prodúzase o máis pronto posible tras finalizar o período de confinamento.

A gran maioría de entidades locais aprazaron o pago de tributos (impostos e taxas) locais e/ou anulando taxas así como implementando rebaixas fiscais tanto aos veciños como aos comerciantes e empresarios dos seus municipios.

Tamén foron as primeiras administracións en incrementar as axudas directas ás familias e veciños por exemplo, emerxencia social e en implantar moratorias no pago do aluguer das vivendas de protección pública, entre outras moitas medidas destinadas a paliar os efectos negativos que sobre a sociedade e a economía ten a crise derivada da pandemia provocada polo COVID-19.

O goberno de España, pola súa banda, non destinou ningunha axuda para os 8.131

concellos, as 41 deputacións, os 7 cabidos e os 4 consellos insulares que conforman o que denominamos as entidades locais españois.

O goberno de España, pola súa banda, non destinou ningunha axuda para unhas administracións que tiveron que crear ou ampliar os servizos de atención a domicilio e de tele-asistencia.

Cero euros para unhas administracións que puxeron en marcha servizos para realizar a compra de produtos de primeira necesidade (alimentos, produtos farmacéuticos e de hixiene) a aquelas persoas que se atopan confinadas en casa e de atención psicolóxica e sanitaria-asistencial telefónica aos veciños dos seus municipios.

Cero euros para unhas administracións que están a ser a primeira liña de batalla contra o COVID-19 e que están a investir miles de millóns de euros para que ningún dos seus veciños quede atrás nesta crise e para que o comercio de proximidade e as empresas poidan recuperarse, do peche e/ou da redución de vendas, durante o estado de alarma canto antes.

Ante esta rápida e decidida actuación, a única medida que tomaron o Goberno de España é permitir que as EE. LL. poidan gastar o 20% do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas para facer fronte á pandemia.

Unha medida trampa e insuficiente porque:

non supón un financiamento adicional.

Os concellos van poder utilizar o aforro que eles mesmos xeraron en 2019 grazas a unha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos e ao esforzo de todos os seus veciños.

o goberno non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na LOEPSF e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia.

o 20% é unha porcentaxe ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón a todas as medidas que nos próximos meses as entidades locais deberán seguir poñendo en marcha para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ademais, o goberno de España está a estudar "confiscar" o superávit xerado en 2019 polas EE. LL. (5.000 millóns de euros) así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias (28.000 millóns de euros) como consecuencia de xerar superávits desde o ano 2012, segundo puidemos coñecer por unha noticia publicada no "Diario das Palmas, 28/03/2020.

Información que se ve ratificada polas declaracións realizadas pola Ministra de Facenda o 30 de abril no Congreso dos Deputados, nas que fixo alusión á posibilidade de chegar a un acordo coa FEMP para que a utilización do superávit municipal pódase empregar para "cubrir aqueles que o resto de administracións non poidan chegar, de maneira que entre todos podamos actuar sinérgicamente sobre o cidadán único ou sobre a empresa pública" e que reiterou no Congreso o pasado día 20 de maio.

Hai que sinalar que a xeración dos devanditos superávits non se debe soamente á aplicación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) senón tamén a que, grazas a unha xestión eficiente e rigorosa dos seus recursos, as EELL foron capaces de xerar de maneira recorrente un saldo positivo nas súas contas públicas ao peche de cada exercicio orzamentario axudando a que o noso país puidese cumprir cos obxectivos de déficit público establecidos pola Unión Europea

Estes superávit, tal e como recolle o artigo 32 da LOEPSF, destináronse a reducir o nivel de endebedamento das entidades locais, á execución de investimentos financeiramente sostíbeis que reverten en beneficio dos veciños e, en moitos casos, a seguir xerando aforros para poder conxugar a prestación de servizos públicos de calidade aos veciños cunha fiscalidade baixa sen hipotecar ás xeracións futuras.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar o goberno de España a:

1. Non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outros subterfugios legais, para apropiarse dos aforros das EE. LL vulnerando preceptos constitucionais e leis en vigor debido a que, como indica o artigo 29 da Lei do Goberno, está suxeito á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico en toda a súa actuación.
2. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan

ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois.

3. Flexibilizar as regras para que as entidades locais poidan utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e o Estado.

4. Autorizar, ás entidades locais, respectando e garantindo a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para poder utilizar os aforros das EE. LL. - cifrados en 28.000 millóns de euros- para paliar a dramática situación que teñen moitas familias, moitos autónomos e pemes no noso país.

5. Cumprir o acordado pola FEMP e o Goberno de España na reunión do 20 de abril de 2020 na que estivo presente o Presidente do Goberno e na que se acordou que non se expuxesen cambios no Congreso sen estar previamente acordados coas EE. LL.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a pranta de Alcoa na Coruña

A defensa e conservación do noso tecido produtivo industrial torna aínda máis necesaria logo do impacto causado na nosa economía pola crise do Covid-19. Unha crise que puxo de manifesto, unha vez máis, a debilidade estrutural da economía española pola súa excesiva dependencia dun sector, o turístico, volátil e de moi escaso valor engadido, do mesmo xeito que a crise de 2008 amosou cruamente a natureza ficticia dun modelo de crecemento económico explosivo baseado na burbulla inmobiliaria. Esta crise demostra tamén a maior resiliencia das economías nas que o sector industrial conserva aínda un peso relevante, a súa maior capacidade para conservar emprego e para producir os bens necesarios nun momento crucial para a saúde pública como está a ser a actual crise sanitaria. Esta crise demostrou, en definitiva, que a situación de dependencia tecnolóxica e industrial do estado español, unha doenza que ten precedentes históricos recentes e con posto permanente no consello de administración dalgunha das empresas públicas privatizadas desde os 80 en adiante.

A venda por 410 millóns de dólares da antiga Inespal a Alcoa en 1998, baixo o goberno de José María Aznar, unha empresa pública solvente e con beneficios, forma parte do cadro que acabamos de describir, e do proceso de desindustrialización que vén de amosar na última década as súas consecuencias. A venda de Inespal a Alcoa coincide, ademais, no tempo co proceso de privatización e liberalización do sector enerxético iniciado polo goberno de José María Aznar que deu lugar a unha suba constante do prezo da enerxía, factor indispensable para contar cun sector industrial competitivo nun contexto, o Europeo, e prezos da enerxía regulados. As consecuencias da desregulación e privatización do sector enerxético tamén as coñecemos estes días co peche sen transición da central térmica das Pontes. Vivimos, pois, na era das consecuencias do modelo económico desindustrializador, desregulador e privatizador que deu comezo nos 90 e que hoxe culmina co seu corolario coñecido de terciarización económica e precariedade laboral.

A privatización de Alcoa debía ter a súa culminación definitiva co peche definitivo das factorías de A Coruña e Avilés no 2019, un peche que foi evitado grazas á forte mobilización dos seus traballadores que foron quen de obrigar á empresa a procurar un novo propietario, como así foi, coa súa venda ao grupo Parter Capital, constituíndose como Alu Ibérica. Pois ben, só oito meses despois da súa venda, o pasado 15 de abril soubemos da nova venda da factoría coruñesa ao Grupo Riesgo, unha operación da que non foi informada en ningún momento o seu comité de empresa.

É necesario lembrar que tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado subscribiron no seu día un compromiso de tutela cos traballadores de Alcoa para asegurar o mantemento dos 700 postos de traballo que estaban en risco daquel e

hoxe tamén de novo. Un compromiso que contrasta coa súa actitude pasiva e ausente ante as sucesivas operacións de venda e cambio de mans que acabamos de relatar.

Por todo o anterior, o Pleno da Deputación da Coruña adopta os seguintes acordos:

- 1 Expresa a súa solidariedade e apoio aos traballadores de Alu Ibérica ante a situación de incerteza que están padecendo nestes momentos.
- 2 Demanda ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia que investiguen a venda de Alu Ibérica ao Grupo Riesgo.
- 3 Demanda ao goberno que garanta a continuidade da actividade industrial e do emprego na antiga Alcoa-Coruña.

**MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSdeG-PSOE E BNG SOBRE
A NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN DO USO DE REMANENTES E FLEXIBILIZACIÓN DA
REGRA DE GASTO PARA O USO DO SUPERÁVIT DAS ENTIDADES LOCAIS**

A Administración Local achega ás políticas públicas xerais un poder de adaptación e de coñecemento do territorio que permite maximizar o beneficio que chega aos cidadáns.

Todos sabemos que son as administracións locais as que achegan solucións áxiles, eficientes e próximas ao cidadán. Este é un aspecto fundamental á hora de executar políticas públicas de proximidade que nos permitan superar os efectos provocados polo COVID-19 na nosa sociedade, tanto a nivel social como económico.

Son moitas as entidades locais da nosa provincia que levan meses atendendo as necesidades especiais das persoas desfavorecidas e dos novos grupos de risco que foron xurdindo como consecuencia da pandemia, todas cos seus propios recursos que son moi limitados, eliminando partidas orzamentarias con outros destinos para poder cubrir necesidades urxentes.

A todo isto hai que engadir que as entidades locais veñen asumindo competencias e funcións doutras administracións públicas, competencias impropias, deixando un vacío do que se están ocupando os gobernos locais debido á urxencia da situación.

Ademais serán as entidades locais as que levarán a cabo plans de reconstrución local co obxectivo de paliar os efectos que a pandemia está a causar no emprego e para lanzar as actividades locais afectadas polo peche ou a baixa da súa actividade.

A boa xestión levada a cabo polas entidades locais en anos anteriores xerou unha serie de remanentes que no actual contexto social e económico poden supor unha importante fonte de recursos para axudar a superar os problemas presentes e futuros derivados da pandemia provocada polo COVID-19.

Debemos engadir que este é o único recurso dispoñible por parte das entidades locais para facer fronte aos gastos orixinados pola situación extraordinaria que estamos a vivir e que non teñen partida orzamentaria propia, polo que a súa consideración como recursos financeiros imprescindibles é indubidable ao formar parte da xestión orzamentaria ordinaria de calquera entidade local, sendo o seu destino a cobertura de necesidades orzamentarias xerais ou derivadas da pandemia. Ademais o uso deste recurso financeiro evita que as entidades locais teñan que acudir ao financiamento externo mediante a concertación de novos préstamos o que xeraría un maior endebedamento do Sector Público.

Cabe sinalar a importancia que ten a limitación que supón á Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no uso dos remanentes como consecuencia da aplicación da regra de gasto e de estabilidade orzamentaria. É necesaria e urxente a flexibilización desas limitacións. Dabondo está demostrado o rigor orzamentario das entidades locais nos últimos anos no cumprimento dos seus obxectivos fiscais e, por outra banda, o rigor que demostraron na aplicación da normativa orzamentaria e financeira.

O escenario cambiou coa actual pandemia e a flexibilización das regras fiscais coas entidades locais resulta, nestes momentos, esencial e irrenunciable para facer fronte aos retos que se prevén no horizonte. En liña co que nos ocupa, o pasado 20 de

marzo a presidenta da Comisión Europea anunciaba a suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento para que os países puidesen gastar libremente en función das súas necesidades.

As entidades locais non son alleas a esta situación, configúranse como axentes activos na acción, tanto directa como indirecta, xerada pola pandemia e, por iso, tamén ven afectadas as súas contas e a imposibilidade de dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade e de regra de gasto.

Segundo todo o exposto, para garantir a plena dispoñibilidade dos remanentes, isto é, os aforros locais, de modo que as entidades locais poidan facer fronte aos gastos devindicados e todos aqueles que se deriven da crise sanitaria do COVID-19, faise preciso que a súa utilización non compute en termos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Por todo o exposto, propomos ao Pleno da Deputación da Coruña a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º) Instar o Goberno de España a flexibilizar o actual marco normativo para permitir que as entidades locais poidan facer uso dos seus superávits e remanentes de tesourería, a fin de financiar a posta en marcha de medidas en todos os ámbitos da súa competencia que axuden a paliar as consecuencias económicas e sociais derivadas da crise provocada polo virus COVID-19.

2º) Instar o Goberno de España á adopción de medidas de flexibilización do impacto da estabilidade orzamentaria e regra de gasto no uso dos remanentes de tesourería que permitan o uso dos excedentes locais para afrontar os gastos derivados da pandemia e para o desenvolvemento de plans de reconstrución.

3º) Instar á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a adopción das medidas mencionadas nos acordos 1º e 2º desta moción, isto é, a utilización por parte das entidades locais do remanente de tesourería para gastos xerais como recurso financeiro propio imprescindible para a xestión orzamentaria das mesmas, así como a flexibilización do impacto da estabilidade orzamentaria e regra de gasto no uso dos mencionados remanentes.